Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. O contexto internacional caracterizouse en 2025 pola súa elevada complexidade e inestabilidade, estando o ámbito económico caracterizado polos cambios nas políticas arancelarias de EEUU, aumentando o proteccionismo e potenciando o bilateralismo fronte ao multilateralismo. Non obstante, o efecto destes cambios non foi tan intenso xa que os axentes foron quen de adaptarse a esta situación e anticiparon os cambios, e melloraron as condicións financeiras con redución de tipos de xuros e impulsos fiscais aprobados. Xunto a esto hai que ter en conta o impacto positivo da IA.

2. Neste contexto, a economía galega e española segue a caracterizarse polo seu forte dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro, así como das súas principais economías. No conxunto do ano 2025, o PIB medra en Galicia un 2,6%, dúas décimas menos que en España, fronte ao 1,5% da UE ou o 1,4% da zona euro, presentando Alemaña unha medra interanual do 0,2% tras dous anos seguidos cunha contracción económica. Entre os cinco mercados exteriores máis importantes dos produtos galegos, tan só Polonia presenta un mellor comportamento, cunha medra do 2,9%.

3. Dende o punto de vista da demanda, o crecemento da actividade económica de Galicia caracterízase por unha achega positiva tanto da demanda interna como externa. En concreto, a demanda interna constitúe o principal motor de crecemento, cunha contribución de 2,4 puntos fronte ás dúas décimas no caso da demanda externa; o que contrasta co acontecido na economía española ou europea onde a demanda externa detrae oito e cinco décimas ao PIB, respectivamente. O cadro macroeconómico galego reflicte unha nova ralentización do gasto en consumo final, por mor da significativa moderación do gasto público, cunha medra do 2,3% (5,8% no ano precedente). Por contra, o gasto en consumo privado presenta unha medra do 2%, catro décimas máis que no ano anterior. O investimento sitúase como a compoñente de maior dinamismo, cunha medra do 4,2%, case tres puntos máis que en 2024.

4. No concernente á demanda externa, as importacións contráense un 0,3% respecto ao ano anterior manténdose estable o nivel das exportacións. Atendendo ás relacións con terceiros países, Galicia concentra o 8% das exportacións españolas e o 4,8% das importacións, unha décima menos que en 2024. A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas; así, a UE acolle máis do 70% das vendas galegas ao exterior; os cinco primeiros países supoñen o 60,6% do total; e os sectores téxtil-confección e automóbil, un 42,5%. Asemade, cómpre resaltar que as cinco primeiras empresas exportadoras regulares concentran o 44% da exportación galega (53,1% se se consideran as dez primeiras empresas), valores que se sitúan tan só no 9,1% e 13,9% no conxunto do Estado.

5. Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento en Galicia, cun 7,3% (4,8% en

2024), presentando a industria manufactureira unha medra interanual do 3,2% (4,5% no ano precedente). O maior dinamismo da economía española ven explicado polo mellor comportamento so sector servizos, que medra en Galicia un 2,7%, medio punto menos que en España (3,2%). Este diferencial de crecemento é especialmente significativo no caso do comercio, transporte e hostalería, que na economía galega medra un 2,1% respecto ao ano anterior, lonxe do 4,5% estimado para a economía española. Por último, o sector primario medra en Galicia un 1,3% en relación ao ano anterior fronte ao incremento interanual do 0,5% no conxunto do Estado.

6. O incremento do 5% do PIB nominal a prezos correntes no terceiro trimestre de 2025 (último dato dispoñible) tradúcese nun crecemento do 2,3% na remuneración dos asalariados e do 6,6% do Excedente Bruto de Explotación/Renda Mixta Bruta. Así, a participación da RA na renda descende no último ano ata o 43,4 máis dun punto inferior á estimada no mesmo período do ano anterior (44,5%), en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,7% (46% no ano precedente). Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo dos últimos anos por riba do peso relativo do EBE; e en segundo lugar, o peso relativo da Remuneración de asalariados en España mantén unha tendencia alcista, acadando no terceiro trimestre de 2025 o 48,7% do PIB fronte ao 41,3% no caso do Excedente bruto.

7. Os indicadores básicos do mercado laboral seguen a amosar un comportamento global positivo. Dunha banda, aumenta a taxa de actividade e ocupación ao longo de todo o ano, acadando o valor máis elevado no derradeiro trimestre; doutra, continúa a redución da taxa de desemprego e da temporalidade. En relación ao resto das CC.AA., Galicia mantense entre as que presentan menores taxas de actividade e ocupación, ao contrario do que acontece co indicador da taxa de temporalidade, situándose Galicia como a terceira Comunidade Autónoma coa temporalidade máis reducida tras Madrid e Cataluña.

8. Tras o devandito incremento do PIB, os catro indicadores da ocupación considerados (poboación ocupada, afiliacións, postos de traballo equivalente e horas traballadas presentan unha mellora da mesma, se ben a súa evolución é desigual. Dunha banda, tan só a poboación ocupada presenta un mellor comportamento que no ano precedente, cunha medra do 2,3% (1,4% en 2024); presentando un crecemento similar tanto as afiliacións á Seguridade Social como as horas traballadas estimadas polas contas económicas (1,7% e 1%, respectivamente). Por contra, desacelérase o ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, que presentan unha medra un 1%, seis décimas menos que no ano anterior. Unha vez máis cómpre resaltar o maior dinamismo do mercado laboral en España, que presenta un mellor comportamento nos catro indicadores mencionados.

9. Por quinto ano consecutivo o mercado laboral galego presenta unha medra interanual da poboación activa, que se sitúa no 1,2%. Este incremento prodúcese tan só entre as mulleres, cunha medra do 3,1%, reducíndose un 0,6% entre os homes. Asemade, o devandito incremento concéntrase en maior medida na poboación de maior idade; e entre aqueles con estudos superiores e educación secundaria segunda etapa, orientación xeral. Doutra banda, no conxunto do ano 2025 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra con maior intensidade que entre as persoas españolas, cun incremento do 8,1% e 0,6%, respectivamente.

10. Segundo os datos recollidos na EPA, cómpre mencionar a mellora da calidade do emprego atendendo a que todo o emprego creado é emprego indefinido, reducíndose por tanto a taxa de temporalidade, aumentando tanto o emprego a xornada a tempo completo (aínda que tan só entre as mulleres), como a tempo parcial. No que ao perfil do emprego creado se refire, o emprego feminino experimentou un maior dinamismo que entre os homes (4,6% e 0,2%, respectivamente); ao tempo que medra en maior medida entre a poboación estranxeira; entre os de maior idade; e coa segunda etapa da ESO, tanto con orientación xeral como profesional, e estudos superiores. Asemade, o emprego creado é basicamente emprego asalariado, tanto no sector privado como en maior medida no público, e no sector servizos e a industria (redúcese no sector primario e na construción). No que ao desemprego se refire, as taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino, sendo novamente as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego. Asemade, cómpre mencionar o significativo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación, cunha caída do 16,6%, en comparación co 9,9% do paro total.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Abril 2026

I- ANÁLISE DE CONTAS

Contas económicas no IV trimestre 2025. Persiste a ralentización no ritmo de crecemento do PIB galego.

Nun contexto internacional de elevada complexidade e incerteza, a economía galega presenta con carácter xeral un bo desempeño. O PIB galego medra no último ano un 2,6%, dúas décimas menos que en España, sendo novamente este crecemento non só superior respecto á media europea e a zona euro senón tamén a países como Alemaña, Francia, Italia ou Portugal. Este maior dinamismo apréciase tamén en termos intertrimestrais, onde a economía galega e española rematan o ano cunha medra do 0,7% e 0,8%, respectivamente, lonxe do 0,2% estimado na Unión Europea.

O crecemento agregado do PIB en Galicia caracterízase novamente pola achega positiva tanto da demanda interna como externa, a diferencia do que acontece en España, no conxunto da Unión Europea e das súas principais economías onde o crecemento se explica tan só pola contribución da demanda interna. En 2025 a demanda interna contribúe con 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB e a demanda externa con dúas décimas, mentres que en España a demanda interna aporta 3,6 puntos e o sector exterior detrae oito décimas). Entre os distintos compoñentes o investimento é o que presenta as taxas de variación máis elevadas, cunha medra do 4,2%, salientando o diferencial de crecemento do gasto privado en respecto á economía española, cunha medra interanual do 2% fronte ao 3,4% no conxunto de España. Por contra, tan só o gasto en consumo das administracións públicas presenta un crecemento superior ao de España (2,3% e 1,8%). No concernente ao sector exterior, as importacións contráense un 0,3% manténdose estable o nivel de exportacións.

Dende o punto de vista sectorial, a construción sitúase como o de maior crecemento, cun 7,3%, presentando a industria manufactureira unha medra interanual do 3,2%. O maior dinamismo da economía española explícase polo comportamento do sector servizos, cunha medra do2,7%, medio punto por baixo da media española, sendo este diferencial especialmente significativo no caso da actividade comercial, transporte e hostalería (2,1% e 4,5%, respectivamente). Asemade, o sector primario medra un 1,3% respecto ao ano anterior.

Actividade económica

Nun entorno internacional complexo e altamente inestable, o ámbito económico de 2025 estivo condicionado polos cambios na política arancelaria de Estados Unidos, acelerándose o proteccionismo global, deteriorán-

dose o multilateralismo a favor do bilateralismo, a economía galega e española manteñen un importante dinamismo. No derradeiro ano a PIB de Galicia medrou un 2,4%, dous décimas por riba do estimado no terceiro trimestre do ano anterior, porcentaxe que se sitúa no 2,6% en España. Estas taxas de crecemento seguen a ser superiores ás estimadas para o conxunto da UE, cun 1,4%, que segue lastrada polo menor crecemento da economía alemá, cun incremento do 0,4%. En Francia e Italia estas taxas de variación interanual ascenderon ata o 1,2% e 0,8%, respectivamente. Por contra, a economía de Portugal, o segundo socio comercial galego máis importante tras Francia, presenta novamente un maior dinamismo que a UE-27, cunha taxa de variación interanual do 1,9% no cuarto trimestre de 2025.

En termos intertrimestrais a economía europea presenta no derradeiro trimestre do ano un crecemento de tan só un 0,2%, o que significa a taxa máis reducida dos últimos dous anos. Entre as principais economías da zona euro, España é quen presenta un mellor comportamento, cunha medra do 0,8% respecto ao trimestre anterior, situándose esta porcentaxe no 0,5% en Países Baixos e no 0,3% en Alemaña e Italia. A economía francesa presenta nese último trimestre unha medra similar á da UE, cun 0,2%. Xunto a estes datos cómpre resaltar o bo comportamento da actividade económica de Galicia, estimándose unha taxa de crecemento do 0,7% no último trimestre do ano.

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euro e principais economías europeas 2025.


	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	1,5	1,4	0,2	0,8	0,5	2,8	1,9
Gasto en consumo final	1,6	1,5	1,5	0,8	0,9	3,0	1,9
Gasto final das Administracións Públicas	1,6	1,5	1,3	1,6	0,6	1,8	2,6
Gasto final sector privado	1,6	1,5	1,6	0,4	1,1	3,4	1,4
Investimento (Formación Bruta de capital)	4,0	4,2	3,1	3,7	2,4	6,4	1,1
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	2,8	2,9	-0,2	0,5	3,5	6,3	0,5
Achega da demanda interna	2,1	2,0	1,8	1,4	1,2	3,6	1,5
Exportacións bens e servizos	2,3	2,0	-0,4	1,3	1,2	3,4	2,6
Importacións bens e servizos	3,7	3,6	3,6	2,9	3,6	6,3	2,5
Achega demanda externa	-0,5	-0,6	-1,5	-0,6	-0,7	-0,8	0,4

Fonte: Eurostat

O PIB medio anual aumentou en Galicia un 2,6% respecto ao ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto de España (2,8%), manténdose novamente por riba do rexistrado no conxunto da UE (1,5%) e dos países da zona euro (1,4%). En comparación co acontecido nos principais socios comerciais de Galicia (Francia, Portugal, Italia, Polonia e Alemaña), tan só Polonia presenta un mellor comportamento, cunha medra interanual do 3,6%. Alemaña, tras dos anos cunha contracción da súa economía presenta en 2025 un incremento do 0,2%, situándose esta taxa de variación no 0,5% en Italia. En Portugal, o crecemento do PIB situouse no 1,9%, por diante do 0,8% de Francia.

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de

Evolución do PIB real na UE, Galicia e España, 2019-2025. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

crecemento da economía europea, cunha achega de 2,1 puntos ao crecemento agregado do PIB, o que contrasta coa contribución negativa da demanda externa, que detrae cinco décimas. Entre os distintos compoñentes da demanda interna cómpre salientar o dinamismo do investimento, cunha medra do 4% respecto ao ano anterior, aumentando un 1,6% o gasto en consumo final, tanto público como privado. A achega negativa da demanda externa explícase por un maior dinamismo das importacións (3,7%) que das exportacións (2,3%).

Como se pode apreciar no cadro macroeconómico das principais economías europeas, a demanda externa detrae punto e medio ao crecemento agregado do PIB en Alemaña, motivado por unha medra das importacións e unha caída das exportacións. Do mesmo xeito, o maior dinamismo das importacións que das exportacións explica que o sector exterior detrae oito décimas ao crecemento do PIB en España, e sete e seis décimas en Italia e Francia, respectivamente. En todas estas economías, o investimento é a compoñente que presenta un mellor dinamismo, aumentando un 6,4% en España, fronte ao 3,7% en Francia e o 3,1% en Alemaña; destacando ademais España pola evolución do gasto en consumo final impulsado polo gasto privado (3% e 3,4%, respectivamente), e Países Baixos, onde o gasto en consumo final medra un 1,9% impulsado polo gasto público (2,6%).

No que á evolución da economía galega se refire, mentres que a crise orixinada pola pandemia tivo unha incidencia negativa menos acusada en Galicia que no conxunto do Estado, coa reactivación económica iniciada no segundo trimestre de 2021 España presenta taxas de variación interanual máis elevadas a partir do primeiro trimestre de 2022 (tan só no segundo semestre de 2023 a economía galega medra máis que a española). Tras un incremento do 2,4% no derradeiro trimestre do ano, a economía galega medra no conxunto do ano 2025 un 2,6% o que supón dúas décimas menos que o rexistrado no conxunto de España.

DEMANDA AGREGADA

A economía galega caracterízase novamente por unha achega positiva tanto da demanda externa como da demanda interna, a diferencia do que acontece no conxunto da Unión Europea e nas principais economías da zona euro, onde a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. En concreto, a demanda interna achega 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB e a demanda externa contribúe en 0,2 puntos porcentuais. Isto contrasta co estimado para a economía española, onde o crecemento

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2025



Fonte: IGE e INE

económico explícase tan só polo contribución da demanda interna (3,6 puntos mentres que a demanda externa detrae oito décimas), ou no conxunto da Unión Europea, onde a demanda interna aporta 2,1 puntos e a demanda externa resta medio punto porcentual.

No que á análise dos compoñentes da demanda interna se refire, se se considera en primeiro lugar tan só os datos do cuarto trimestre do ano, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que o investimento (formación bruta de capital), a pesar da súa ralentización, é a compoñente con maior dinamismo, cunha medra interanual do 3,3%, porcentaxe máis de tres puntos inferior á estimada en España (6,5%). A continuación situaríase o gasto privado, cun incremento do 2,1% (3,4% en España) fronte a tan só nove décimas no caso do gasto das administracións públicas (4,8% no conxunto do Estado). Por contra, tanto as exportacións como as importacións galegas contráense no último trimestre un

2,3% e 3,1%, respectivamente, o que contrasta coa medra en España (6,9% e 3,5%). Tras esta evolución, tanto a demanda interna como a externa presentan unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB, sendo esta de dous puntos no caso da demanda interna e de catro décimas no caso do sector exterior. Por contra, no conxunto de España o crecemento explícase tan só pola contribución da demanda interna, cunha achega de 3,6 puntos porcentuais, en tanto que a demanda externa detrae puntos ao crecemento do PB por quinto trimestre consecutivo (un punto porcentual no derradeiro trimestre do ano).


No concernente aos datos relativos ao conxunto do ano 2025, este presenta unha nova ralentización do gasto en consumo final, cunha medra interanual do 2,1%, seis décimas menos que no ano precedente, e que supón a taxa máis reducida dende a recuperación da crise orixinada pola pandemia. Esta ralentización rexistrada no último ano ven motivada pola importante desaceleración do gasto público, cunha medra do 2,3%, tres puntos e medio menos que no ano precedente (5,8%), o que contrasta co dinamismo do gasto privado, cun incremento do 2%, catro décimas

Cadro macroeconómico de Galicia 2023-2025. Taxas de variación interanual

	2024	2025	2024/I	2024/II	2024/III	2024/IV	% 2025/I	2025II	2025III	2025IV
Produto Interior Bruto	2,8	2,6	2,3	3,0	3,3	2,8	2,9	2,6	2,2	2,4
Demanda										
Gasto en consumo final	2,7	2,1	3,9	1,7	2,4	2,8	1,7	2,7	2,1	1,8
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,6	2,0	2,7	0,5	1,6	1,8	1,3	2,9	1,6	2,1
AA. Públicas	5,8	2,3	7,1	5,4	5,0	5,8	2,7	2,3	3,3	0,9
Formación Bruta de Capital	1,3	4,2	-0,5	-1,0	2,4	4,4	2,7	6,6	4,4	3,3
Achega demanda interna ao PIB	2,4	2,4	3,0	1,2	2,4	3,1	1,8	3,3	2,4	2,0
Exportacións	3,1	0,0	1,1	4,6	3,8	3,0	1,2	-1,2	2,2	-2,3
Importacións	2,5	-0,3	2,5	1,7	2,3	3,5	-0,7	-0,1	2,6	-3,1
Achega demanda externa ao PIB	0,4	0,2	-0,7	1,8	0,9	-0,3	1,1	-0,7	-0,2	0,4
Oferta										
Sector primario	3,1	1,3	4,5	4,2	1,4	2,6	3,0	0,0	0,9	1,2
Industria	3,3	2,2	4,3	4,2	5,0	-0,3	1,5	2,4	3,4	1,5
Industria manufactureira	4,5	3,2	5,2	2,2	5,4	5,1	3,8	5,2	3,3	0,8
Construción	4,8	7,3	3,3	5,3	4,5	6,0	5,2	6,4	8,4	9,3
Servizos	2,8	2,7	1,6	2,7	3,2	3,6	3,3	2,9	1,9	2,5
Comercio, transporte e hostalería	1,3	2,1	-1,2	0,6	1,4	4,3	3,4	2,3	1,8	1,0
Información e comunicacións	12,1	4,7	20,3	14,6	9,4	5,3	4,7	2,3	5,4	6,3
Actividades financeiras e de seguros	0,2	3,4	-2,6	2,3	-2,7	3,9	5,7	1,8	0,9	5,1
Actividades inmobiliarias	3,3	3,9	2,1	1,8	3,8	5,7	3,7	5,4	3,5	3,1
Actividades profesionais	3,1	4,3	2,7	4,0	2,8	3,0	4,4	4,1	4,4	4,3
Administración pública, sanidade e educación	3,9	1,7	3,1	4,2	6,1	2,2	2,3	2,3	0,0	2,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	1,6	-0,6	-0,2	0,4	1,2	1,1	1,6	2,0	1,6

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España 2025. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

máis que en 2024. Por contra, o investimento presenta unha medra interanual do 4,2%, case tres puntos por riba do experimentado no ano anterior (1,3%).

En comparación co acontecido na economía española, o maior dinamismo da economía española explícase en maior medida pola evolución do consumo privado, que medra en España un 3,4% respecto ao ano anterior fronte á devandita 2% en Galicia; así como polo comportamento do investimento, cun incremento do 4,7%, medio punto máis que na economía galega. Por contra, o gasto público

presenta unha taxa de crecemento inferior á rexistrada en Galicia, cun incremento do 1,8% e 2,3%, respectivamente. En 2025, o gasto en consumo final medra en España un 3% fronte a un 2,1% na economía galega.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a contribución positiva da demanda externa ao crecemento da economía galega tanto no derradeiro trimestre como no conxunto do ano 2025. Dunha banda, no cuarto trimestre a demanda externa aporta catro décimas ao crecemento agregado do PIB tras unha contracción das importacións do 3,1% e das exportacións do 2,3%. No conxunto do ano 2025 a achega positiva da demanda externa é de dúas décimas ao reducírense as importacións un 0,3%, en tanto que se manteñen as exportacións. Na economía española as exportacións medraron un 3,4% fronte ao 6,3% das importacións, detraendo a demanda externa oito décimas ao crecemento agregado do PIB.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor das exportacións galegas redúcese no conxunto do ano 2025 un 0,3% respecto ao ano anterior, acadando os 30.938,9 millóns de euros; en tanto que as importacións ascenderon a 21.364,4 millóns de euros, un 2,2% máis que no ano precedente. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 8%, en tanto que as importacións representa, o 4,8%, unha décima inferior ao ano precedente en ambos os dous casos.

A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial segue a caracterizar ás exportacións galegas. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 70,3% das exportacións galegas (21.743,1 millóns de euros), tres décimas menos que no ano anterior. Xunto a este destino, o 6,9% das vendas a terceiros países diríxense ao continente africano (2.140,6 millóns), un 6,2% a América (1.931,5 millóns) ou un 3,6% a Asia (1.115,7 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos das exportacións concentran en 2025 o 51,9% das exportacións galegas, máis dun punto inferior ao rexistrado no ano precedente (53%), e os dez primeiros países o 74,5% das exportacións galegas (75% en 2024). Francia segue a ser o principal destino, por diante de Portugal, Italia, Polonia e Alemaña. Fóra da UE, Turquía, tras unha medra do 28,1% sitúase como o sexto destino das empresas galegas, manténdose Reino Unido e Marrocos entre os dez primeiros destinos (sétimo e noveno, respectivamente).


Dende o puntos de vista sectorial, no último ano aumenta a concentración das exportacións galegas, de xeito que os cinco primeiros capítulos exportadores acollen no último ano o 60,6% das vendas a terceiros países, ascendendo esta porcentaxe ata o 74,1% se se consideran os dez primeiros destinos; niveles superiores aos rexistrados no ano precedente (59,2% e 73,2%,


respectivamente). Doutra banda, se se ten en conta a desagregación segundo sectores económicos, os cinco primeiros sectores concentran o 65,1% da exportación galega, máis de punto e medio superior ao rexistrado no ano precedente (63,5%).

O téxtil-confección mantense como o sector máis importante en termos de valor por diante do automóbil. Dunha banda, tras un incremento interanual do 1,3% o sector téxtil-confección vendeu ao exterior produtos por valor de 7.322,3 millóns de euros, o que supón o 23,7% das exportacións galegas, catro décimas superior ao rexistrado no ano anterior. Doutra banda, o importe das vendas do sector do automóbil e motos aumenta un 5,2% respecto ao ano precedente, acadando os 6.825,1 millóns de euros, o 22,1% das exportacións, máis dun punto por riba do acadado en 2024 (o 20,9%). En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 45,7% das vendas galegas a terceiros países, punto e medio por riba do rexistrado no ano anterior. O peso relativo das exportacións pesqueiras, tras unha medra do 7,9%, ascende ata o 9,8%, o que supón oito décimas máis que en 2024.


Por último, cómpre facer referencia á base exportadora regular entendida como o número de empresas que exportan de xeito consecutivo nos últimos catro anos. En 2025 exportan regularmente en Galicia un total de 2.839 empresas, un 1,3% máis que no ano anterior (37 empresas máis), o que supón o 45,7% do total de empresas ex-

Exportacións galegas 2024-25.
Principais países e sectores económicos





Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2011-2025.




Fonte: ICEX

portadoras, a porcentaxe máis elevada dende o inicio da crise económica de 2008. Estas empresas concentran o 97,3% do valor total das exportacións galegas, o valor máis elevado dende o ano 2008 (97% en 2019) o que supón case quince puntos menos que no ano anterior que no ano anterior (96% en España).

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. No último ano as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 44% da exportación galega, ascendendo esta porcentaxe ata o 53,1% se se consideran as dez primeiras empresas, os valores máis elevados dende o ano 2020. No conxunto de España estas porcentaxes se sitúan tan só no 9,1% e 13,9% no conxunto do Estado. En 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2025



Fonte: ICEX


AGREGADOS DA OFERTA

O crecemento económico rexistrado no cuarto trimestre de 2025 caracterizouse polo forte dinamismo do sector da construción, que presenta unha taxa de variación interanual superior ao 9%, a porcentaxe máis elevada dende o segundo semestre de 2022, así como polo crecemento do sector primario. Asemade, cómpre resaltar que por cuarto trimestre consecutivo todas as ramas de actividade presentan un crecemento respecto ao ano anterior. Dunha banda, a construción medra un 9,3% respecto ao ano anterior, máis de dous puntos por riba do estimado para a economía española, e o sector primario medra un 1,2%, ao contrario do que acontece en España onde a actividade do sector contráese un 1,3%. Por contra, o maior dinamismo da economía española explícase polo mellor comportamento do sector servizos, que presenta unha medra interanual do 2,5%, tres décimas por baixo da media española (2,8%) e en menor medida da industria, onde a actividade manufactureira medra en España un 2% fronte ao 0,8% en Galicia, que supón a taxa de crecemento máis reducida dende a saída da crise orixinada pola covid. Entre as distintas actividades do sector servizos, o maior diferencial de crecemento rexístrase no sector do comercio, transporte e hostalaría, que presenta no derradeiro trimestre do ano unha medra interanual do 5,1% en España fronte a tan só un 1% en Galicia.

Se a análise se realiza para o conxunto do ano 2025, o maior dinamismo da economía española ven explicado polo mellor comportamento so sector servizos, que medra en Galicia un 2,7%, medio punto menos que en España (3,2%). Este diferencial de crecemento é especialmente significativo no caso do comercio, transporte e hostalería, que na economía galega medra un 2,1% respecto ao ano anterior, lonxe do 4,5% estimado para a economía española. Por contra, o sector primario, a industria manufactureira e en maior medida a construción presentan taxas de variación interanual superiores á media estatal. Dunha banda, o sector primario medra en Galicia un 1,3% en relación ao ano anterior fronte ao incremento interanual do 0,5% no conxunto do Estado. Doutra banda, a actividade manufactureira medra un 3,2%, máis dun punto superior á rexistrada en España (2,1%). A taxa de crecemento do valor engadido bruto xerado no sector da construción medrou un 7,3% fronte ao 5,6% en España.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar que o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra en 2025 o 21,9% do veb galego, unha décima por baixo do estimado no ano anterior (21,8% en 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación descende ata o 18,5%, o que supón un nivel lixeiramente inferior ao estimado an-


Produto Interior Bruto en Galicia e España 2025: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

tes da crise orixinada pola pandemia (18,9%). Asemade, cómpre mencionar que o peso da industria manufactureira mantense lixeiramente por riba do 13%, cando no mesmo período de 2008 representaba o 13,9%. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 7,4%, tres décimas máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa por baixo do estimado en 2019 e sobre todo lonxe do estimado 2008 (7,8% e 12,3%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 5% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima inferior ao estimado no ano anterior (5,3% en 2019).

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)




Fonte: IGE

Distribución da renda

A mencionada evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas de Galicia reflicten que o incremento do 5% do PIB nominal a prezos correntes no terceiro trimestre de 2025 se traduce nun crecemento do 2,3% na remuneración dos asalariados, e do 6,6% do EBE/RMB (último dato dispoñible). Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda redúcese ata o 43,4%, máis dun punto inferior á estimada no mesmo período do ano anterior (44,5%), en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 46,7% (46% no ano precedente). Atendendo á evolución ao longo dos últimos trimestres, dende o terceiro trimestre de 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB.

Evolución da distribución da renda no PIB. 2021-2025 (% do PIB)



Fonte: IGE e INE

Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo de toda a serie considerada por riba do peso relativo do excedente bruto de explotación. En segundo lugar, o peso relativo da remuneración de asalariados mantén unha tendencia alcista, acadando no terceiro trimestre de 2025 o 48,7% do PIB fronte ao 41,3% no caso do Excedente bruto de explotación (no derradeiro trimestre do ano España mantén esa mesma tendencia).

Atendendo á distribución sectorial do peso da remuneración asalariado no valor engadido xerado, no terceiro trimestre de 2025 (último dato publicado polo IGE) o peso máis elevado rexistrouse na administración pública, cun 78%, situándose no 62,4% no caso das actividades profesionais. O peso da remuneración de asalariados na industria manufactureira sitúase no 56,7%, fronte ao 50,9% no caso da construción e o 49,3% no conxunto do sector servizos. Por último, o peso relativo máis reducido acádase no sector primario, cun 19,8%.

• Indicadores derivados. Mercado de traballo

Vinculado ao mercado de traballo hai que facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao custe laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. A produtividade aparente defínese como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben mediante o número de horas traballadas; mentres que o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo e os prezos, e se calcula dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

As contas económicas de Galicia reflicten que o dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Así, tras un incremento do PIB do 2,6% o número total de postos de traballo equivalente a tempo completo e o de horas traballadas mera un 1% (1,6% e 1% no ano anterior, respectivamente. O mercado de traballo en España presenta un crecemento de emprego superior ao rexistrado en Galicia, se ben, cómpre resaltar que o número de horas traballadas aumenta un 3,1% respecto ao ano precedente, sendo esta medra tres décimas superior ao estimado para o PIB. Por contra, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra un 2,1%, o que supón sete décimas por baixo do crecemento do PIB.

Por un lado, a produtividade aparente real volve a incrementarse en 2025, sendo este crecemento do 1,6% tanto en termos de postos de traballo equi-

Produtividade aparente do factor traballo no 2025. Taxas de variación interanual

Horas efectivamente traballadas

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,6%	1,0%	1,6%	2,8%	2,1%	0,7%
Sector primario	1,3%	-1,8%	3,1%	0,5%	0,5%	0,0%
Industria	2,2%	0,9%	1,3%	2,3%	2,9%	-0,6%
Industria manufactureira	3,2%	0,9%	2,3%	2,1%	2,4%	-0,3%
Construción	7,3%	1,8%	5,5%	5,6%	3,8%	1,8%
Servizos	2,7%	1,2%	1,5%	3,2%	1,9%	1,3%

Postos de traballo equivalente a tempo completo


	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,6%	1,0%	1,6%	2,8%	3,1%	-0,3%
Sector primario	1,3%	-4,0%	5,3%	0,5%	1,8%	-1,3%
Industria	2,2%	1,3%	0,9%	2,3%	4,0%	-1,7%
Industria manufactureira	3,2%	1,3%	1,9%	2,1%	3,6%	-1,5%
Construción	7,3%	1,7%	5,6%	5,6%	4,2%	1,4%
Servizos	2,7%	1,3%	1,4%	3,2%	2,9%	0,3%

Fonte: IGE e INE

valente a tempo completo como no caso da produtividade por hora traballada (1,2% e 1,9% no ano anterior). En termos nominais, a produtividade aparente presenta un incremento do 4,6% en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, seis décimas máis que no ano anterior, e do 4,7% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxe similar á de 2024.

No concernente aos Custos Laborais Unitarios, os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten a tendencia descendente do CLUR, tanto en termos de postos de traballo como de horas traballadas. En concreto, no terceiro trimestre de 2025 esa redución interanual é do 3,2% no caso dos postos de traballo, fronte ao 3% no das horas traballadas e en termos de postos de traballo equivalente a tempo competo.

Evolución do Custo Laboral Unitario real 2020-2025 (base 2020 = 100)



Fonte: IGE

Comportamento global positivo do mercado de traballo galego en 2025

Tras un crecemento da economía galega do 2,6% en 2025, os indicadores básicos do mercado de traballo seguen a amosar o seu comportamento positivo. Dunha banda, aumenta a taxa de actividade e ocupación ao longo de todo o ano, acadando o valor máis elevado no derradeiro trimestre do ano; doutra, continúa a redución da taxa de desemprego e da temporalidade, situándose Galicia como a terceira Comunidade Autónoma coa temporalidade máis reducida tras Madrid e Cataluña.

Os catro indicadores da ocupación considerados (poboación ocupada, afiliacións, postos de traballo equivalente e horas traballadas) presentan unha mellora da mesma, se ben a súa evolución é desigual. Dunha banda, tan só a poboación ocupada estimada pola EPA presenta un mellor comportamento que no ano precedente, cunha medra do 2,3% (1,4% en 2024); presentando un crecemento similar tanto as afiliacións á Seguridade Social como as horas traballadas estimadas polas contas económicas (1,7% e 1%, respectivamente). Por contra, desacelérase o ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, que presentan unha medra un 1%, seis décimas menos que no ano anterior. Con todo, xunto a estes datos cómpre mencionar unha vez máis o maior dinamismo do mercado de traballo en España nos catro indicadores mencionados, ao tempo que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación.

No que ao perfil do emprego creado reflectido pola EPA se refire, o emprego feminino experimentou un maior dinamismo que entre os homes (4,6% e 0,2%, respectivamente); ao tempo que medra en maior medida entre a poboación estranxeira; entre os de maior idade, e coa segunda etapa da ESO, tanto con orientación xeral como profesional, e estudos superiores. Asemade, o emprego creado é basicamente emprego asalariado e no sector servizos e a industria (redúcese no sector primario e na construción). Por último, salienta a mellora da calidade de emprego atendendo a que todo o emprego creado é emprego indefinido, reducíndose por tanto a taxa de temporalidade, aumentando o emprego a xornada a tempo completo (aínda que tan só entre as mulleres), como a xornada a tempo parcial. No que ao desemprego se refire, as taxas de paro reflicten que este afecta en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios.

A primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do

mercado de traballo en Galicia cómpre mencionar novamente o incremento das taxas de actividade e ocupación, así como o descenso das taxas de desemprego e da taxa de temporalidade.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no último ano ata o 53,5%, tres décimas por riba do estimado no ano anterior. Deste xeito, Galicia mantense como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias (52,7%), aumentado no conxunto do Estado ata o 59%, dúas décimas máis que no ano precedente. A pesar da redución da taxa de actividade entre os homes, a participación da muller na actividade é notablemente inferior á dos homes, con taxas do 50,7% e 56,6%, respectivamente, o que supón un diferencial de 5,9 puntos porcentuais (7,9 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia, situándose en nove puntos e medio, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,4% e a masculina ata o 63,8%. Galicia sitúase como C.A. coa taxa máis reducida no caso dos homes, e a cuarta entre as mulleres, tras Asturias, Castela e León e Estremadura.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 49,1%, reducíndose lixeiramente o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,7 puntos fronte aos 3,9 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 52,8%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Estremadura (47,1%), Asturias (48%) e Andalucía (48,4%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 2025

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,5%	59,0%	Baleares (64,0%) Madrid (63,3%) Cataluña (61,8%) Canarias (60,0%)	Asturias (52,7%) Galicia (53,5%) Castela e León (54,7%) Estremadura (55,2%)
Taxa de ocupación	49,1%	52,8%	Baleares (58,4%) Madrid (58,2%) Cataluña (56,6%) A Rioxa (54,4%)	Estremadura (47,1%) Asturias (48,0%) Andalucía (48,4%) **Galicia (49,1%)**
Taxa de paro	8,4%	10,5%	País Vasco (7,3%) Cantabria (7,3%) Navarra (7,7%) Madrid e Aragón (8,0%)	Andalucía (15,2%) Estremadura (14,8%) Canarias (13,5%) Castela A Mancha (12,8%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	24,7%	24,9%	Baleares (17,1%) País Vasco (18,5%) Cataluña (19,1%) Madrid (19,3%)	Estremadura (37,3%) Andalucía (32,7%) C. Valenciana (30,5%) Canarias (29,4%)
Taxa de temporalidade	13,8%	15,3%	Madrid (11,4%) Cataluña (11,7%) **Galicia (13,8%)** Baleares (14,2%)	Estremadura (22,2%) Andalucía (19,6%) País Vasco (18,9%) Murcia (18,5%)

Fonte: INE

significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52,1% fronte ao 46,3% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 5,8 puntos, fronte aos 10 puntos en España (57,9% e 47,9%, respectivamente).

A taxa de paro mantén en Galicia a súa tendencia descendente para situarse no 8,4%, o que supón o valor máis reducido dende o ano 2007 (7,6%). Tras esta evolución, Galicia sitúase como a sétima Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida, aínda que lonxe respecto ao resto das CC.AA., lonxe de País Vasco e Cantabria, cunha taxa do 7,3% (10,5% no conxunto do Estado). Tanto para homes como para mulleres Galicia presenta unha taxa de paro inferior á media española, descendendo ata o 8% e 8,7%, respectivamente (8,8% e 10% no conxunto do Estado). Entre os homes, Aragón e Navarra presentan unha taxa de paro inferior ao 6,5%, rexistrando o País Vasco a taxa máis reducida entre as mulleres (7,5%).

Principais datos do mercado de traballo 2019, 2024-2025

miles de persoas	2019	2024	2025	2025			
				I	II	III	IV
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.372,0	2.385,3	2.381,0	2.385,0	2.384,1	2.391,0
Poboación activa	1.241,1	1.262,3	1.277,1	1.261,1	1.271,6	1.282,0	1.293,8
25 - 34 anos	223,4	212,4	216,7	211,1	216,6	218,8	220,2
Poboación ocupada	1.095,2	1.144,0	1.170,5	1.150,1	1.165,5	1.179,5	1.186,9
Conta propia	216,6	208,8	210,9	208,9	205,2	217,6	211,7
Conta allea	878,3	934,8	958,8	940,1	959,3	960,4	975,3
Outra situación	0,2	0,4	0,9	1,1	1,0	1,5	-
Poboación parada	145,9	118,3	106,7	111,0	106,1	102,6	106,9
Parado longa duración	45,6	27,8	22,3	22,1	18,5	22,1	26,5
Poboación inactiva	1.094,2	1.109,7	1.108,1	1.119,9	1.113,4	1.102,1	1.097,1
Taxa de actividade	53,1%	53,2%	53,5%	53,0%	53,3%	53,8%	54,1%
Taxa de ocupación	46,9%	48,2%	49,1%	48,3%	48,9%	49,5%	49,6%
Taxa de paro	11,8%	9,4%	8,4%	8,8%	8,3%	8,0%	8,3%
Taxa de temporalidade	26,5%	15,9%	13,8%	13,7%	14,1%	14,6%	12,9%
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	1.072,9	1.090,9	1.070,8	1.093,8	1.105,0	1.094,1
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	123,1	113,6	120,5	111,5	110,2	112,3

Fonte: IGE

Poboación activa


Por quinto ano consecutivo o mercado laboral galego presenta unha medra interanual da poboación activa. No último ano a poboación activa ascende a 1.277.100 persoas, o que supón 14.800 persoas máis que no ano precedente (1,2%). Atendendo á súa evolución trimestral cómpre resaltar que tan só no derradeiro trimestre do ano a poboación activa medra entre os homes (4.900 persoas máis) como en-

tre as mulleres (26.300), o que contrasta co descenso entre os homes no resto do ano. Tras este comportamento, o número de mulleres activas aumenta no conxunto do ano 2025 en 18.900 persoas, un 3,1% máis que no ano precedente; descendendo por contra en 4.000 persoas no caso dos homes (0,6% menos). Por contra, no conxunto de España a poboación activa medra tanto entre os homes (1,3%) como entre as mulleres (2%).


Comparado co estimado en 2019, a po-

Poboación activa, ocupada e parada 2023-25: distribución segundo sexos


Poboación activa total




Poboación activa. Homes e mulleres




Poboación ocupada total




Poboación ocupada. Homes e mulleres



Poboación parada total




Poboación parada. Homes e mulleres



Fonte: IGE.

Poboación activa 2025. Variación interanual



Fonte: IGE.

boación activa feminina é superior ao nivel precrise nun 5,8% (34.600 mulleres mais), superándoo no caso dos homes tan só nun 0,2% (1.600 activos máis). En España a poboación activa feminina medra entre os dous anos considerados un 9,2%, máis de dous puntos e medio por riba do estimado entre os homes (6,6%).

Xunto á devandita evolución, o incremento da poboación activa concéntrase en maior medida na poboación de maior idade; e entre aqueles con estudos superiores e educación secundaria segunda etapa, orientación xeral. Asemade, a poboación activa medra tanto entre as persoas de nacionalidade española como estranxeira. Dunha banda, a incorporación ao mercado de traballo prodúcese en maior medida nas persoas maiores de 55 anos, con 15.400 persoas máis (5,8%); sendo esta medra de 4.000 persoas entre os menores de 25 anos (7,7%); e de 3.100 persoas entre as que teñen entre 25 e 34 anos (1,5%). Doutra banda, no conxunto do ano 2025 a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra un 8,1% respecto ao ano anterior (7.700 persoas máis) fronte ás 7.100 persoas no caso dos españois (0,6%). Este incremento da poboación activa estranxeira prodúcese entre as persoas que non pertencen á UE, cunha medra do 12,3% (9.100 persoas máis que no ano precedente), descendendo por contra as persoas procedentes da UE nun 7,2% (-1.500 persoas) por mor do descenso entre as mulleres nun 15,3% (1.700 persoas menos).

Xunto ao devandito incremento da poboación activa feminina e masculina, a incorporación ao mercado de traballo prodúcese en maior medida nas persoas maiores de 55 anos, con 15.400 persoas máis (5,8%), sendo esta medra de 4.400 persoas entre os menores de 25 anos (7,7%), e de 3.100 persoas entre as que teñen entre 25 e 34 anos (1,5%). Atendendo

ao seu nivel formativo, o maior incremento prodúcese entre as persoas con estudos superiores, con 13.500 persoas activas máis (2,3%), por diante do que acontece coas persoas que posúen a segunda etapa da educación secundaria, orientación xeral, con 9.400 persoas ocupadas máis (6,2%).

Fronte a este incremento, cómpre resaltar un novo descenso da poboación activa entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, que en 2025 foi do 4,1% respecto ao ano anterior (13.700 persoas menos), un punto por riba do estimado no ano anterior (9.900 persoas menos). Xunto a este comportamento a poboación activa con estudos de ESO, primeira etapa, redúcese un 3,7% (12.500 persoas menos).

• Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 500 persoas (no ano anterior entraron na actividade 4.200 persoas máis das que saíran). No último ano pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual) un total de 55.600 persoas, o que supón unha redución de 1.100 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 55.100 persoas, cando no ano anterior o fixeran 52.500 persoas. Cómpre mencionar que no derradeiro trimestre do ano o saldo positivo ascende a 7.500 persoas, o que contrasta co saldo negativo no mesmo período do ano precedente (-11.600 persoas).


O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2025 en torno ás 27.800 persoas, cifra un 9,1% superior á do ano anterior (2.300 persoas máis). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade aumentou de media ata as 28.800 persoas, o que supón en torno a 600 persoas máis que no ano anterior (2,1%). O número de persoas que estaban paradas en 2024 e que saen da actividade ascende a 26.300 persoas, cifra superior en 2.000 persoas á do ano anterior (-8%). O fluxo de entradas ao paro de persoas que en 2024 eran considerados como inactivos descende a 27.500 persoas, 3.200 menos que no ano anterior (-10,5%).

No cuarto trimestre do ano, das 58.100 persoas que entran na actividade, 23.600 o fan cara o desemprego e 33.700 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, 17.100 persoas que no terceiro trimestre estaban parados saen da actividade (7.400 menos que na mesma data do ano anterior) e 33.500 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (5.000 persoas menos que no cuarto trimestre de 2024).

Ocupación

Tras unha medra da economía galega do 2,6% respecto ao ano anterior, dúas décimas menos que en 2024, os indicadores da ocupación reflicten un crecemento da mesma, se ben a evolución é desigual segundo a fonte estatística que se considere. Dunha banda, os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) indican unha importante mellora da poboación ocupada, cunha medra interanual do 2,3%, case un punto por riba do estimado no ano pre-

Fuxo da poboación activa 2025. Evolución trimestral



	2025	25/24	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	19.600	1.900	10,7%
2 trim.	27.900	4.300	18,2%
3 trim.	30.100	- 4.000	-11,7%
4 trim.	33.700	7.100	26,7%
	27.825	2.325	9,1%

	2025	25/24	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	24.700	- 300	-1,2%
2 trim.	19.200	- 1.100	-5,4%
3 trim.	37.800	8.800	30,3%
4 trim.	33.500	- 5.000	-13,0%
	28.800	600	2,1%

	2025	25/24	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	28.800	- 4.800	-14,3%
2 trim.	32.400	800	2,5%
3 trim.	25.100	- 8.100	-24,4%
4 trim.	23.600	- 800	-3,3%
	27.475	- 3.225	-10,5%

	2025	25/24	
	(número)	(número)	(%)
1 trim	29.600	3.500	13,4%
2 trim.	27.200	900	3,4%
3 trim.	31.200	10.800	52,9%
4 trim.	17.100	- 7.400	-30,2%
	26.275	1.950	8,0%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

cedente (1,4%). Doutra banda, tanto as afiliacións á Seguridade Social como as horas traballadas estimadas polas contas económicas amosan un crecemento similar ao estimado en 2024, cunha medra interanual do 1,7% e 1%, respectivamente. Por contra, no último ano desacelérase o ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, que presentan unha medra un 1%, seis décimas menos que no ano anterior. O mercado de traballo en España presenta novamente un mellor comportamento, rexistrando o número de postos de traballo equivalente a tempo completo e a poboación ocupada estimada pola

Afiliacións á Seguridade Social 2024-2025: distribución segundo principais ramas de actividade

	2025		2024		25/24	
		(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	107.459	9,9	106.960	10,0	0,5	499
56 Servizos de comidas e bebidas	72.305	6,6	71.188	6,6	1,6	1.117
86 Actividades sanitarias	72.149	6,6	70.366	6,6	2,5	1.783
85 Educación	62.766	5,8	60.326	5,6	4,0	2.440
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	59.517	5,5	59.651	5,6	-0,2	-134
43 Actividades de construción especializada	52.622	4,8	51.612	4,8	2,0	1.010
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	49.506	4,5	49.261	4,6	0,5	245
49 Transporte terrestre e por tubaxe	35.042	3,2	34.571	3,2	1,4	471
10 Industria da alimentación	31.874	2,9	31.684	3,0	0,6	190
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	31.069	2,8	31.758	3,0	-2,2	-689
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	30.511	2,8	29.915	2,8	2,0	596
41 Construción de edificios	25.532	2,3	25.216	2,4	1,3	316
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.228	2,0	22.039	2,1	0,9	189
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	22.095	2,0	23.149	2,2	-4,6	-1.054
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	695.241	63,7	688.037	64,1	1,0	7.204
Total	1.090.932	100	1.072.903	100	1,7	18.029

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2025		2024		25/24	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	22.095	2,0	23.149	2,2	-4,6	-1.054
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	31.069	2,8	31.758	3,0	-2,2	-689
03 Pesca e acuicultura	15.441	1,4	16.032	1,5	-3,7	-591
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6.349	0,6	6.616	0,6	-4,0	-267
61 Telecomunicacións	3.425	0,3	3.627	0,3	-5,6	-202

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2025		2024		25/24	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	62.766	5,8	60.326	5,6	4,0	2.440
86 Actividades sanitarias	72.149	6,6	70.366	6,6	2,5	1.783
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	19.235	1,8	18.017	1,7	6,8	1.218
56 Servizos de comidas e bebidas	72.305	6,6	71.188	6,6	1,6	1.117
43 Actividades de construción especializada	52.622	4,8	51.612	4,8	2,0	1.010

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

EPA as taxas de variación interanual máis elevadas, cun 3,1% e 2,6%, respectivamente (2,8% e 2,2% no ano precedente); ralentizándose lixeiramente o crecemento das afiliacións, cun 2,3%, e o das horas traballadas, cun 2,1%, o que supón unha décima menos que en 2024.

No concernente ao número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social Galicia conta con 1.090.932 persoas afiliadas en 2025, o que supón 18.029 afiliacións máis que no ano anterior. Atendendo á evolución mensual, a 31 de decembro Galicia conta con 1.097.288 persoas afiliadas en alta laboral, un 1,6% máis que na mesma data do ano anterior, acadando o nivel máximo no mes de xullo, con 1.113.486 afiliacións (1,8% máis que no mesmo mes do ano precedente).


Atendendo á distribución sectorial, a actividade con maior número de afiliados é a de comercio ao retallo, agás vehículos de motor, que concentra o 9,9% das persoas afiliadas, por diante das actividades de servizos de comidas e bebidas e das actividades sanitarias, que acollen o 6,6% das afiliacións cada unha. Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, as ramas de actividade con maior incremento de afiliacións son a educación (CNAE 85), con 2.440 afiliados máis (4%); e a de actividades santarias (CNAE 86), con 1.783 afiliados máis (2,5%). No extremo oposto, as que presentan os maiores descensos son as actividades dos fogares como empregados de persoal doméstico (CNAE 97), con 1.054 afiliacións menos (-4,6%); e as actividades do sector agrogandeiro (CNAE 01), con 689 afiliacións menos (-2,2%).

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha medra interanual do 2,3% Galicia conta con 1.144.000 persoas ocupadas, o que supón 26.500 máis que no ano anterior. Tras esta medra, a ocupación supera o nivel precrise nun 6,9% (75.300 persoas máis), sendo esta medra do 10,8% entre as mulleres (56.200 persoas máis). Así, a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) ascende en Galicia ata o 49,1%, nove décimas máis que no ano anterior, o que mantén a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego (52,8% no conxunto de España).

A devandita creación de emprego beneficiou máis a uns perfís que a outros. Dunha banda, o emprego feminino experimentou novamente un maior dinamismo, ao medrar un 4,6% (25.200 mulleres máis) fronte o 0,2% no caso dos homes (1.300 persoas). A diferenza do acontecido no ano anterior, entre as mulleres esta medra é moito máis intensa en Galicia que no conxunto do Estado, estimándose un incremento da ocupación do 3%, mentres que entre os homes a ocupación increméntase un 2,3%.

Este maior dinamismo do emprego feminino en Galicia estímase ao longo de todo o ano, especialmente no segundo e cuarto trimestre onde a poboación ocupada entre as mulleres medra por riba do 5,7%, situándose esta porcentaxe en torno ao 3,5% nos outros dous trimestres. Entre os homes cómpre mencionar o descenso da ocupación no segundo trimestre do ano nun 0,2%. No cuarto trimestre do ano, o emprego feminino medra en 32.100 persoas en relación ao ano precedente, o

Variación do número de persoas ocupadas 2024-25 segundo sexo, idade, nivel de estudos e nacionalidade



Fonte: IGE

que supón unha medra do 5,8%, mentres que a ocupación masculina o fai nun 0,3% (1.600 homes ocupadas máis).

Xunto a esta evolución do emprego creado, a ocupación entre as persoas de nacionalidade estranxeira medra un 13,3% (10.000 persoas máis), descendendo non obstante entre estas as procedente da UE nun 3,9% (700 persoas menos). Entre os residentes en España, o incremento foi do 1,6% (16.600 persoas máis). Atendendo á idade das persoas ocupadas, o emprego que máis crece é entre os de maior idade, cunha medra do 6,4% (16.800 persoas), sendo esta medra do 3,8% (7.000 persoas) entre as que teñen unha idade comprendida entre 25 e 34 anos. Por contra, no ano 2025 descende a ocupación un 2,8% entre as persoas con idades comprendidas entre 35-44 anos (7.900 persoas ocupadas menos).

No concernente ao nivel de estudios, o emprego medra máis entre as persoas coa segunda etapa de educación secundaria, tanto con orientación xeral como profesional. En concreto, a ocupación medra un 7,1% no primeiro caso (9.600 persoas máis), e un 4,1% entre aqueles que posúan a segunda etapa da ESO, pero con orientación profesional (5.800 persoas ocupadas máis). No extremo oposto, descende a ocupación entre as persoas con menor nivel formativo (-7,7% entre os que teñen estudos primarios e -2,5% entre os que teñen a primeira etapa da ESO; 2.200 e 7.400 persoas menos, respectivamente).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, o incremento do em-

Poboación ocupada en Galicia 2025: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	2024			Galicia			Galicia 24/25		
				(en miles de persoas)			*(%)*		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.144,0	591,7	552,3	1.170,5	593,1	577,4	2,3	0,2	4,6
Sectores económicos									
Sector primario	72,7	47,3	25,4	66,2	42,9	23,4	-8,9	-9,4	-8,0
Industria	183,3	131,3	52,1	192,3	135,1	57,2	4,9	2,9	9,9
Construción	82,3	75,1	7,3	78,7	70,6	8,1	-4,5	-6,0	11,0
Servizos	805,7	338,1	467,6	833,4	344,6	488,8	3,4	1,9	4,5
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	208,8	122,6	86,2	210,9	124,7	86,2	1,0	1,7	-
Empregador	63,8	39,2	24,6	66,5	38,9	27,6	4,2	-0,8	12,2
Empresarios sen asalariados	141,7	81,6	60,2	140,1	83,6	56,5	-1,1	2,5	-6,1
Membros cooperativas	0,8	0,6	0,2	1,1	0,6	0,5	38,7	4,2	150,0
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	1,3	1,2	3,3	1,6	1,7	30,0	24,0	36,7
Asalariados	934,8	468,9	466,0	958,8	468,2	490,6	2,6	-0,1	5,3
Sector público	191,9	75,4	116,5	201,6	77,6	124,1	5,1	2,9	6,5
Sector privado	742,9	393,5	349,4	757,2	390,7	366,5	1,9	-0,7	4,9
Outra situación	0,4	0,2	0,2	0,9	0,2	0,7	125,0	-	250,0
Grupos de idade									
16-19 anos	5,7	3,9	1,8	5,2	2,9	2,3	-7,9	-24,7	27,4
20-24 anos	43,9	25,1	18,8	45,0	23,9	21,0	2,6	-4,9	12,1
25-34 anos	185,4	94,1	91,3	192,4	97,1	95,3	3,8	3,2	4,3
35-44 anos	287,4	148,0	139,3	279,4	144,7	134,7	-2,8	-2,3	-3,3
45-54 anos	357,0	184,9	172,1	367,0	186,0	181,0	2,8	0,6	5,2
55 e máis anos	264,7	135,8	128,9	281,6	138,6	143,0	6,4	2,0	10,9
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	2,1	1,0	1,1	5,0	3,8	1,3	142,2	282,5	13,6
Educación primaria	28,1	18,5	9,7	26,0	15,4	10,6	-7,7	-16,8	9,6
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	299,1	180,9	118,2	291,7	175,3	116,4	-2,5	-3,1	-1,5
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	134,9	71,2	63,7	144,5	72,2	72,3	7,1	1,5	13,5
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	141,0	80,8	60,3	146,8	82,4	64,4	4,1	2,0	6,9
Educación superior	538,9	239,5	299,4	556,6	244,0	312,6	3,3	1,9	4,4

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

prego explícase basicamente pola evolución do emprego asalariado, cunha medra de 24.000 persoas, fronte a tan só 2.000 no caso do emprego por conta propia. En termos relativos, este incremento foi do 2,6% e 1%, respectivamente. Dunha banda, o emprego por conta allea medra aumenta tanto no sector privado como no sector público con maior intensidade. En 2025 o emprego público medrou un 5,1% (9.800 persoas) e a ocupación no ámbito privado un 1,9% (14.300 persoas). Doutra banda, o traballo por conta propia medra fundamentalmente entre as persoas empregadoras, con 2.700 persoas máis (4,2%), reducíndose por contra o número de persoas empresarias sen asalariados en 1.600 persoas (-1,1%).

No que ao emprego asalariado se refire, o devandito incremento rexístrase tan só entre as mulleres, cunha medra de 24.700 persoas (5,3% respecto ao ano precedente), reducíndose lixeiramente entre os homes (700 ocupados menos; -0,1%) por mor da destrución de emprego no sector público. Atendendo á desagregación entre sector público e privado cómpre resaltar en primeiro lugar que o emprego privado medra tan só entre as mulleres (17.200 persoas; 4,9%), reducíndose por contra entre os homes (-2.800 persoas; -0,7%). En segundo lugar, a creación de emprego asalariado no sector público prodúcese tanto entre as mulleres, con 7.600 persoas ocupadas máis (6,5%), como en menor medida entre os homes, con 2.100 persoas ocupadas máis (2,9%). No concernente á ocupación por conta propia, esta aumenta tan só entre os homes, permanecendo estable entre as mulleres. Este incremento interanual do número de homes traballadores ven motivado pola evolución de empresarios sen asalariados, cunha medra do 2,5% (2.000 persoas máis), o que contrasta coa redución en 3.700 ocupadas entre as mulleres (-6,1%). Por contra, o número de persoas empresarias empregadoras aumenta tan só entre as mulleres, con 3.000 persoas ocupadas máis(12,2%), reducíndose en 300 persoas

Poboación ocupada 2025: distribución segundo sexo e ramas de actividade


	2025 (en miles de persoas)			25/24 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.170,5	593,1	577,4	2,3%	0,2%	4,6%
Sector Primario	66,2	42,9	23,4	-8,9%	-9,4%	-8,0%
Industria	192,3	135,1	57,2	4,9%	2,9%	9,9%
Ind. extractivas; Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	18,3	13,3	5,0	15,7%	6,9%	48,9%
Industria manufactureira	174,0	121,8	52,2	3,8%	2,5%	7,2%
Construción	78,7	70,6	8,1	-4,5%	-6,0%	11,0%
Servizos	833,5	344,7	488,9	3,4%	1,9%	4,6%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría	309,5	156,5	153,1	1,8%	2,9%	0,8%
Información e comunicacións	34,5	25,5	9,0	-1,9%	0,7%	-8,9%
Actividades financeiras e de seguros	16,8	6,0	10,9	-9,5%	-34,8%	15,0%
Actividades inmobiliarias	4,9	1,5	3,3	-14,1%	1,7%	-20,8%
Actividaes profesionais; científicas e técnicas; actividaes administrativas e servizos auxiliares	117,8	49,2	68,7	8,0%	4,6%	10,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	271,8	85,3	186,5	6,3%	4,5%	7,1%
Activ. artísticas, recreativas e de entretemento; fogares como empregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; activ. de organizacións e organismos extraterritoriais; outros servizos	78,2	20,8	57,5	1,0%	-3,3%	2,7%

Fonte: IGE

entre os homes (-0,8%).

No que atinxe á distribución sectorial, o incremento da ocupación prodúcese no sector servizos e no conxunto do sector industrial, quen presentan unha medra da ocupación do 3,45% (27.800 persoas) e 4,9% (8.900 persoas), respectivamente. Por contra, o crecemento da actividade económica no sector primario e sobre todo da construción non se traslada ao mercado de traballo ao presentar unha destrución da ocupación de 6.500 persoas no sector primario (-8,9%) e de 3.700 persoas na construción (-4,5%). Entre as ramas de actividade do sector servizos cómpre resaltar o incremento do 6,3% no conxunto de actividades da "Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais" (16.000 persoas ocupadas máis); así como o 8% experimentado polas "actividades profesionais; científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares" (8.700 persoas máis). No ámbito industrial, a ocupación nas actividades

Poboación ocupada 2019,2025: distribución segundo principais ramas de actividade



Fonte: IGE

manufactureiras medra un 3,8%, o que supón 6.400 persoas ocupadas máis.

Tras esta evolución o sector servizos concentra o 71,2% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 833.500 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,9% (174.000 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 6,7% da poboación ocupada total en Galicia (78.700 persoas) e as actividades do sector primario o 5,7% (66.200 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría, cun 26,4% da poboación ocupada (309.500 persoas), por diante das actividades da "Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais", cun 23,9% (271.800 persoas).

· CALIDADE DO EMPREGO

A creación do emprego estimada pola EPA tanto en Galicia como en España prodúcese tanto no emprego a tempo completo como a tampo parcial, sendo máis intenso no conxunto do Estado en ambos os dous casos. Asemade, todo o emprego por conta allea creado é emprego indefinido, medrando este último un 5,1% respecto ao ano anterior (40.300 persoas ocupadas máis).

Dunha banda, a poboación ocupada a xornada completa medra un 2,2%, tres décimas por baixo do estimado no conxunto de España, producíndose este incremento tan só entre as mulleres (5%; 22.000 persoas), en tanto que se mantén estable entre os homes. O emprego a xornada parcial aumenta no último ano un 2,9% (4.500 persoas), sendo este incremento do 3,3% entre os homes (1.300 persoas) e do 2,7% entre as mulleres (3.100 persoas). No conxunto do Estado o emprego a tempo parcial presenta unha medra interanual do 3,6% (oscila entre o 4,6% no caso do homes e o 3,2% no das mulleres).

O número de persoas asalariadas con contrato indefinido medra en Galicia en 40.300 persoas, un 5,1% respecto ao ano anterior, o que supón case dous puntos máis que no conxunto de España (3,4%). En ambos os dous casos este incremento prodúcese en maior medida entre os homes que entre as mulleres, situándose esta taxa de variación anual en Galicia no 8,7% entre as mulleres (32.900 persoas máis) e no 1,8% entre os homes (7.400 persoas). En España, este incremento sitúase no 4% e 2,9%, respectivamente.

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal redúcese no último ano un 11% (16.400 persoas menos), sendo este descenso máis acusado que no conxunto do Estado (-1,1%). O devandito descenso do emprego temporal en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, onde o emprego temporal redúcese un 13,7%, que entre as mulleres, cunha redución do 9,1% (8.100 e 8.200 persoas menos, respectivamente). A diferenza do acontecido no ano anterior, esta caída é máis intensa que no conxunto de España, situándose estas porcentaxes no 0,6% entre os homes e no 1,4% no

caso das mulleres.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende en Galicia ata o 13,8%, punto e medio inferior á do conxunto de España (15,3%), porcentaxe que a sitúa como a terceira Comunidade autónoma coa taxa máis reducida tras Madrid (11,4%) e Cataluña (11,7%). No ano anterior, a taxa de temporalidade en Galicia ascendía ata o 15,9%, porcentaxe similar á estimada para España. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa no 16,6% fronte ao 10,9% no caso dos homes, estimándose un descenso máis acusado entre as mulleres (2,7 puntos menos fronte a 1,7 puntos entre os homes). Asemade, cómpre resaltar que en comparación co estimado no ano 2019, a taxa da temporalidade redúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo máis acusada no caso dos homes (14,2 puntos porcentuais no caso dos homes e 11,2 no das mulleres). No conxunto de España a temporalidade oscila entre o 17,6% no caso das mulleres e o 13,2% no dos homes, o que supón un descenso respecto ao ano 2019 de 12,2 puntos entre os homes e de 9,6 puntos entre as mulleres.

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese na súa meirande parte no ámbito privado, cunha caída interanual do 12% (10.700 persoas menos), fronte a un 8,2% estimado no sector público (3.500 persoas menos). No conxunto do Estado os asalariados temporais descenden tan só no sector público (-6,4%), aumentando por contra no sector privado un 1,1%. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público aumenta en Galicia ata o 26,7%, máis de dezaseis puntos por riba do estimado para o sector privado (10,4%), situándose no conxunto do Estado no 27,4% e 12,5%, respectivamente.

Desemprego

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no último ano continúa coa tendencia descendente iniciada en 2014, tan só rota no ano 2020, o ano con maior impacto da pandemia. En 2025, a poboación parada descende en Galicia ata as 106.700 persoas, 11.700 persoas menos que no ano anterior, das que 55.200 son mulleres (51,8%) e 51.500 son homes (48,2%). En termos relativos, o desemprego descende un 9,9% respecto ao ano precedente, porcentaxe este ano significativamente superior á experimentada no conxunto do Estado, cunha redución do 5,9%. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia redúcese ata o 8,4%, aumentando o diferencial respecto da media española, que se sitúa no 10,5% (en 2024 as taxas de paro ascendía a 9,4% e 11,3%, respectivamente).

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia reflicten tamén ese descenso do desemprego, producíndose este ano con menor intensidade que o reflectido pola EPA. En 2025, o número de persoas paradas rexistradas redúcese un 7,7% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 113.600 persoas. Este descenso relativo é case dous puntos superior ao rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro redúcese un 5,9% respecto ao ano anterior.

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2025.

Trimestre	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2025 I	2025 II	2025 III	2025 IV
(en miles de persoas)											
Poboación parada	131,6	146,7	143,1	136,7	121,7	118,3	106,6	111,0	106,1	102,6	106,9
Homes	64,8	69,5	67,7	64,4	57,3	56,9	51,5	52,7	55,9	45,2	52,0
Mulleres	66,8	77,2	75,4	72,3	64,4	61,5	55,2	58,2	50,2	57,4	54,9
Paro de longa duración	43,1	57,0	65,2	59,4	49,2	44,2	37,1	37,0	35,5	33,4	42,2
(Taxa de variación interanual; %)											
Poboación parada	-12,1	0,5	-2,5	-4,5	-11,0	-2,8	-9,9	-15,7	-11,4	-8,8	-2,3
Homes	-13,1	0,6	-2,6	-4,9	-11,0	-0,7	-9,5	-18,7	-3,6	-19,1	6,8
Mulleres	-11,1	0,5	-2,3	-4,1	-10,9	-4,5	-10,2	-12,9	-18,8	1,4	-9,6
Paro de longa duración	-21,8	-13,0	14,4	-8,9	-17,2	-10,2	-16,1	-25,4	-20,6	-14,8	-2,1
(porcentraxe de poboación activa; %)											
Taxa de paro											
Total	11,8	12,0	11,7	11,0	9,7	9,4	8,4	8,8	8,3	8,0	8,3
Homes	10,7	10,9	10,6	10,1	8,9	8,8	8,0	8,3	8,7	7,0	8,0
Mulleres	12,8	13,2	12,8	12,0	10,6	10,0	8,7	9,4	8,0	9,0	8,5
Segundo nivel de estudios											
Estudios primarios	30,0	27,5	26,7	24,2	22,5	20,6	19,5	19,8	22,3	13,6	22,5
ESO. 1ª etapa	16,7	15,9	15,9	13,3	11,0	11,6	10,6	12,1	10,7	10,5	8,8
ESO. 2ª etapa	15,0	15,5	15,6	12,8	11,4	10,3	9,3	10,0	10,4	7,5	9,5
Educación superior	8,4	10,2	9,6	8,1	7,2	6,7	5,9	5,7	5,1	6,2	6,5
Segundo grupos de idade											
Menores de 25 anos	27,8	33,1	32,2	32,5	24,4	25,7	24,7	26,0	24,0	20,9	28,6
De 25 a 54 anos	11,3	11,7	11,0	10,2	9,1	8,6	7,6	7,9	7,7	7,4	7,4
Maiores de 55 anos	9,9	8,9	10,0	9,2	8,5	8,1	7,0	7,9	6,7	6,8	6,7
Segundo nacionalidade											
Española	11,1	11,3	10,7	10,3	8,9	8,4	7,6	8,0	7,2	7,3	7,8
Estranxeira	23,9	24,6	27,0	21,4	20,9	20,9	17,2	18,8	21,9	15,3	13,1

Fonte: IGE


Centrándose na análise da poboación parada (EPA), as taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 8,7% fronte ao 8% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 11,9%, 2,6 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (sete décimas en Galicia).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 24,7%, máis de tres puntos inferior á estimada no ano anterior, porcentaxe que se sitúa por baixo do nivel previo á crise orixinada pola pandemia (27,8% en 2019).

Entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro redúcese ata o 7,6% (11,3% en 2019) e entre os maiores de 55 anos ata o 7% (9,9% no ano 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende ata o 19,5% no caso das persoas con estudos primarios, dez puntos e medio inferior á de 2019 (30%), situándose no 5,9% entre aquelas con educación superior (8,4%). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española descende ata o 7,6% fronte ao 17,2% entre os estranxeiros, 6,7 puntos menos que ao inicio da crise.

Por último, cómpre facer referencia á positiva evolución do desemprego de longa duración. No conxunto do ano 2025 o número de persoas que levaban doce ou máis meses en situación de desemprego situábase en 37.000 persoas, 7.200 menos que no ano precedente. Tendo en conta que o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 16,1% respecto ao ano anterior e o paro total o fai nun 9,9%, o

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2025



seu peso relativo no paro total galego descende ata o 34,7%, máis de dous puntos e medio inferior ao estimado que no ano precedente (37,3%), a porcentaxe máis reducida dende o ano 2010 (supera o 50% entre os anos 2012 e 2018).

O devandito descenso do paro de longa duración prodúcese tanto entre homes como en mulleres, estimándose esta caída máis acusada entre os homes, cun descenso so 21,1% (4.800 persoas menos) fronte ao 11,2% (2.400 persoas) entre as mulleres. Por contra, no conxunto de España o desemprego de longa duración é máis intenso entre as mulleres que entre os homes, cunha redución do 10,5% e 8,8%, respectivamente.

Inactividade

Os datos da Enquisa de poboación activa reflicten que en 2025 o número de persoas inactivas ascende en Galicia a 1.108.100 persoas, o que supón un descenso do 0,1% respecto ao ano anterior (1.600 persoas menos). Este descenso ven motivado pola redución do 2,1% (13.000 persoas) estimada entre as mulleres, aumentado por contra a poboación inactiva entre os homes un 2,4% (11.400 inactivos máis). Fronte a este descenso da poboación inactiva en Galicia, no conxunto de España aumenta un 0,8%, rexistrándose este incremento tanto entre os homes (1,7%) como entre as mulleres (0,2%).

A principal causa da inactividade é a xubilación, que concentra o 50,3% das persoas inactivas en Galicia, case oito puntos máis que en España (42,5%), por diante dos estudantes, que supoñen o 15,7% das persoas inactivas e das persoas que realizan as labores do fogar, cun 14,3% (en España concentran o 20,2% e 19,4%, respectivamente.

Atendendo á desagregación segundo sexo, cómpre salientar a importante diferenza existente entre homes e mulleres. Tanto en Galicia como en España máis do 55% das persoas inactivas son mulleres, pero esta porcentaxe supera o 85% no caso das persoas inactivas por realizaren labores do fogar. No último ano un total de 158.700 persoas inactivas en Galicia o están por este motivo, dos que 134.900 son mulleres e 23.800 homes.

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


//ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
civisglobal
construimos entorno
COREN
CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA
Cruz Roja
ECOENER
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hijos DE RIVERA
Hierros AÑÓN, S.A.
JEALSA
LENCE
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
reganosa
Rodiñas
Rodman
ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
UniversidadeVigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas